



RESOLUCIÓN DA SELECCIÓN DE PROXECTOS DO FONDO DE PROXECTOS CULTURAI XACOBEO 2021

Modalidade: Dinamización da lingua galega, do patrimonio cultural e de proxectos editoriais, literarios e expositivos

I ANTECEDENTES

1 Mediante a Resolución do 22 de maio de 2020, da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo, aprobáronse as bases para presentar creacións culturais, bens ou servizos de consideración análoga, coa finalidade de configurar un fondo de contidos creativos de interese cultural e artístico, lingüístico e turístico denominado Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021 (Fondo X21).

2 O anuncio da convocatoria e as bases publicáronse na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística o 23 de maio de 2020 para que as persoas destinatarias presentasen as súas iniciativas que, segundo a base 9 da indicada convocatoria, son as persoas físicas ou xurídicas que teñan plena capacidade de obrar e que non estean incursas nalgunha prohibición de contratar, que teñan domicilio fiscal na Comunidade Autónoma galega e que acrediten que as actividades profesionais das persoas físicas ou o obxecto social das persoas xurídicas inclúen a xestión cultural e/ou artística, en concreto:

- a) Empresas culturais e/ou artísticas
- b) Cooperativas culturais e/ou artísticas
- c) Entidades ou institucións privadas de carácter cultural e sen ánimo de lucro que contén con persoal empregado nas súas estruturas organizativas
- d) Profesionais do sector cultural e artístico galego

II CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

1 A base 12 da convocatoria prevé que a selección de proxectos será realizada por unha comisión técnica de análise integrada por tres persoas expertas designadas





pola persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo para cada modalidade das previstas nestas bases.

2 O día 27 de maio de 2020, mediante un acordo do secretario xeral de Política Lingüística, nomeáronse as persoas técnicas que integran as tres comisións técnicas das tres modalidades do Fondo Xacobeo 2021. Na primeira das tres modalidades inclúiranse os proxectos musicais, audiovisuais e de artes escénicas. Na segunda terán cabida os proxectos para dinamizar a lingua galega, o patrimonio cultural e os proxectos editoriais, literarios e expositivos. A última das modalidades está dirixida ao ámbito xacobeo, turístico, xeográfico, paisaxístico, gastronómico e de usos e costumes sociais.

A convocatoria prevé que os proxectos seleccionados se publicarán periodicamente para cada modalidade mediante unha resolución do secretario xeral de Política Lingüística na web www.lingua.gal. Nela indícarase, por orde de prelación, a puntuación obtida por cada proxecto seleccionado. Tamén se publicarán os proxectos non seleccionados e, de ser o caso, os motivos de desistencia ou rexeitamento.

A publicación dos proxectos seleccionados non xerará dereitos económicos en favor das persoas interesadas ata que se formalice a adxudicación administrativa e, de ser o caso, o contrato correspondente, de acordo coa normativa contractual que resulte de aplicación.

Conforme o exposto, e de acordo co informe de valoración de cada proxecto e o protocolo de actuación do 1 de xuño de 2020 da comisión técnica de análise dos proxectos para obxectivar os criterios de selección,

RESOLVO:

1 Seleccionar os proxectos da modalidade de Dinamización da lingua galega, do patrimonio cultural e de proxectos editoriais, literarios e expositivos que a continuación se indican e, así mesmo, iniciar os trámites para a súa contratación:





SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	FORMATO	ORZAMENTO
XAROPE TULU SC	8 pases, incluída a estrea, e un vídeo promocional, de Arreiria, un espectáculo para todos os públicos que combina a narración oral e a música. En escena, unha narradora (Atenea García) e un músico tradicional (Nicolás Zamorano) fannos viaxar a través do conto tradicional ou esbozan novos vieiros de historias propias.	PRESENCIAL / MATERIAL	10.000,00
ASOCIACIÓN CULTURAL URBANA TALLER ABIERTO	8 vídeos para lles achegar a arte contemporánea galega a todos os públicos, apropiados para docentes, que os poden empregar na aula para traballaren contidos do currículo de artes visuais, e de doada introdución nas redes.	PRESENCIAL / MATERIAL	9.922,00
IVÁN DÍAZ NESPEREIRA	<i>Nueva Galicia</i> : Fotolibro que aborda o tema da migración galega na cunca amazónica nos primeiros anos do século XX. Inclúense 100 exemplares da obra, o libro electrónico con licenza perpetua concorrente (EPUB/PDF) para o préstamo e un vídeo do libro para a difusión nas redes sociais da Xunta de Galicia e das bibliotecas.	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS	3.952,00
IRIA VÁZQUEZ LÓPEZ	<i>Voces na paisaxe</i> : Peza de creación audiovisual de carácter divulgativo sobre a influencia da paisaxe na práctica artística e investigación de creadoras e creadores contemporáneos galegos.	DIXITAL	3.999,05
JAVIER PEÑA LÓPEZ	“Obradoiro de estilo literario”: taller en liña que busca dinamizar a lingua galega e enriquecer o seu acervo literario mediante a formación de persoas que escriban obras de calidade publicables, sexan relatos curtos, novelas ou escritos en calquera outro formato	DIXITAL	3.993,00
RECUNCHOS DE AN&MA, SLNE	“Desfai o poema”: xogo para crear poemas, consistente en recortar pola área punteada as distintas palabras que compoñen o poema “Unha vez tiven un cravo” e o nome da autora, Rosalía de Castro, e empregar as partes para realizar novas creacións.	PRESENCIAL / MATERIAL	9.850,00
MARÍA VICTORIA TEIJEIRO ÁLVAREZ	Realización de 5 audiolibros de 30 min (aprox.) cada un, que conterán unha antoloxía da poesía do Rexurdimento e unha recompilación de contos traducidos ao galego de Emilia Pardo Bazán. Irán acompañados con vídeos e imaxes das paisaxes galegas e de fotografías dos autores.	DIXITAL	4.000,00
GRAFIDEZA SL	Proxecto que conmemora o XXV aniversario da Fundación Cultural da Estrada e pon en valor dous dos piares culturais do concello: Radio Estrada e a agrupación de baile e música tradicional Tequexeltédere. A proposta contempla dúas publicacións: <i>Historia da radio na Estrada</i> (500 ex.), <i>Tequexetédere: obertura folclórica</i> (500 ex.)	PRESENCIAL / MATERIAL	9.212,55





SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	FORMATO	ORZAMENTO
KATARSIS EDUCACIÓN E TEATRO SL	Xira por 5 puntos da xeografía galega de <i>Malas palabras</i> , un espectáculo de teatro de autor (coa temática da adopción), destinado a maiores de 7 anos de aprox. 55 min de duración. A compañía ofrece unha unidade didáctica con suxestións para realizar antes ou despois de ver a función.	PRESENCIAL / MATERIAL	7.278,15
INTERDIX GALICIA SL	“Do lucense Fraguas ao lucense Carballo Calero”: Exposición itinerante para poñer de relevo a vinculación coa cidade e terras de Lugo dos dous últimos persoeiros aos que se lles dedicou o Día das Letras Galegas: Antonio Fraguas (2019) e Ricardo Carvalho Calero (2020).	PRESENCIAL / MATERIAL	9.982,00
FABALOBA S. COOP. GALEGA	“Alí, un día...”: 6 videoclips de ilustración animada con cancións infantís sobre as diferentes rutinas que se traballan na educación infantil (saudar, xogar, recoller, xantar ou vestirse).	DIXITAL	9.922,00
SACAUNTOS S. COOP. GALEGA	Proxecto de reedición e dixitalización da obra completa de Lovecraft en galego, co obxecto de achegarlle ao público de maneira libre e gratuíta a produción deste autor esencial da literatura fantástica. 14 volumes en formato e-pub libre.	DIXITAL	9.800,00
RAMÓN MANUEL VILAR LANDEIRA	“A biblioteca é unha casa”: proxecto para achegar ás xeracións máis novas o mundo das bibliotecas e da lectura. O fío condutor do proxecto é un conto dixital orixinal que se complementa con recursos interactivos.	DIXITAL	3.900,00
MIALMA PRODUCIÓIS SL	“Oito cancións de botóns”: realización de 8 vídeos profesionais con entrevistas e miniconcertos de Pedro Pascual e Carlos Quintá, baseados no repertorio do libro <i>De botóns</i> , un cancionero galego para acordeón diatónico.	DIXITAL	10.000,00
EDITORA OQO SL	“Cantos contos en cantos”: proxecto de edición dun álbum ilustrado, cun CD coas versións cantadas dos 12 contos da colección e un DVD con 12 películas de animación, e entrega de 400 exemplares á SXPL.	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS	8.800,00
NOEMÍ VÁZQUEZ NOGUEIRAS	“Merenda con contos na Arca da Noe”: ciclo de contos en 4 sesións na praza fronte á taberna cultural “A Arca da Noe” en Vilar de Santos. Participarán Quico Cadaval, Paula Carballeira, Vero Rilo&Sonsos Penadique e Celso F. Sanmartín. O evento será retransmitido por <i>streaming</i> .	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS	2.400,00





SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	FORMATO	ORZAMENTO
ELEMENTALS CHEFS SL	“Obxectivo en Galicia”: serie documental de 5 episodios coa finalidade de dar a coñecer distintos xeitos de entender a fotografía e de ver o Camiño de Santiago, a súa xente e os seus lugares, a través da ollada de Ricardo Grobas (fotoxornalismo), Kiko Arcas (natureza), Aitana Tubio (foto artística), Claudia Silva (moda e retrato) e Janite Lafuente (música e eventos). O fotógrafo Mateo Hernández ofrece en cada capítulo unha entrevista a cada artista e unha escolma dos seus traballos.	DIXITAL	9.999,44
ARUME LABS S. COOP GALEGA	<i>Lendas devagar: O Camiño de Santiago</i> : Colección de mitos e lendas do Camiño, ilustrado e traducido a varias linguas. Entrega de 500 exemplares do libro impreso e da versión dixital.	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS	7.065,72
FUNDACIÓN UXÍO NOVONEYRA	Exposición mixta (entre interiores e exteriores) que amosa a vida e obra do poeta Uxío Novoneyra, desde a súa face de eco poeta xeolocalizado na Serra do Courel.	PRESENCIAL / MATERIAL	10.000,00
TARABELA CREATIVA SC	“Quéreme soar!”: serie dixital en 7 capítulos para a difusión do patrimonio histórico e musical galego. Desde a retransmisión e con especial fincapé nas figuras femininas, mostran a instrumentación de todas as etapas: primitiva e antiga, idade media, renacemento, barroco, clasicismo, romanticismo, impresionismo e século XX.	DIXITAL	10.000,00
FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA	<i>Bo camiño, Valentiño</i> : libro destinado ao público infantil, co obxectivo de familiarizalo co Camiño de Santiago, con versións en galego, castelán, catalán e inglés. Entrega de 689 exemplares deste álbum ilustrado rimado de Gracia Iglesias (autora) e Sara Sánchez (ilustradora).	PRESENCIAL / MATERIAL	10.000,00
JUAN LUÍS QUINTÁNS PIÑEIRO	“Vila mariñeira”: Proxecto de dinamización lingüística e cultural dunha vila mariñeira do s XXI, a localidade de Vilaxoán. Consiste na realización dun congreso presencial ou en liña (cinco sesións entre relatorios e mesas redondas), nunha fin de semana do outono/inverno de 2020.	PRESENCIAL OU DIXITAL	4.000,00
TOXOSOUTOS SL	Publicación e entrega de 1.000 exemplares do libro <i>A presenza do Apóstolo Santiago en Compostela</i> , de Paulo Nogueira, obra que compila os escritos do abade francés Duchesne e do cónego santiagués López Ferreiro sobre a presenza do apóstolo Santiago o Maior en Compostela.	PRESENCIAL / MATERIAL	1.676,86
SURFING THE LÉREZ SL	“Identidades latentes”: exposición colectiva itinerante integrada por obras dunha decena de artistas femininas galegas ou residentes en Galicia que basean a súa procura artística nas cuestións referidas ás súas identidades: de xénero, culturais, feministas, globais, sociais e individuais.	PRESENCIAL / MATERIAL	9.801,00





SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	FORMATO	ORZAMENTO
NUMAX S. COOP GALEGA	“Numax na escola”: creación e difusión de de cinco unidades didácticas elaboradas por Xan Gómez Viñas coa finalidade desenvolver as posibilidades educativas e formativas do cinema. Estas unidades facilitaránlle ao profesorado o labor de tratar os contidos transversais dos currículos educativos, e ao alumnado a familiarización coa linguaxe audiovisual e do cinema.	DIXITAL	10.000,00
IRIA FAFIÁN ALONSO	“Brétema: un conto do rural galego”: Produción e publicación de 150 exemplares de <i>Brétema</i> , un álbum ilustrado de 32 páxinas en cor, baseado no imaxinario das lendas galegas e do Camiño de Santiago e na relación que teñen co rural galego (analizan o contexto actual de despoboamento do rural desde o punto de vista dunha muller).	PRESENCIAL / MATERIAL	4.000,00
AGRUPACIÓN CULTURAL ALEXANDRE BÓVEDA	Realización dun roteiro e publicación de 250 exemplares dun libro no que 9 mulleres artistas do mundo da danza, da música e das artes escénicas realizarán intervencións para faceren unha aproximación á historia de 9 mulleres singulares.	PRESENCIAL / MATERIAL	9.680,00
ANA BELEN TAJES GARCÍA	Edición e adquisición de 400 unidades do libro-CD <i>Cantos do mar de Irlanda</i> , unha compilación de cancións tradicionais galegas e irlandesas que falan do mar.	PRESENCIAL / MATERIAL	3.567,05
DIANA MERA ESTÉVEZ	2 representacións de <i>Misión imposible</i> : unha comedia teatral antiheroica que aborda a complexa situación lingüística do galego na sociedade actual e pretende analizar a súa problemática fuxindo dos clichés canónicos da identidade para achegarse a ela desde a profundidade intelectual que ofrece a sátira e o sarcasmo.	PRESENCIAL / MATERIAL	3.965,19
ANTONIO RODRÍGUEZ LÓPEZ	Subministración de 270 exemplares de 3 libros: <i>Álbum da cuarta dimensión</i> , de Carlos Lema (70 exemplares), <i>Dendrita</i> , de Paula Luís (70 exemplares) e <i>O gran poema de Constantino Bértolo</i> de Tino de Félix (130 ex.).	PRESENCIAL / MATERIAL	3.910,40
PABLO ANDRÉS DÍAZ CARRO	9 pases de <i>Bebenc@nta</i> : contos para bebés de ata 3 anos con música e cancións como fío condutor das rutinas e apego da xente miúda, da man de Pablo Díaz.	PRESENCIAL / MATERIAL	3.960,00
VERÓNICA MARTÍNEZ MARTÍNEZ	“A formiga no carreiro”: 4 curtas audiovisuais para público familiar, en homenaxe a Carvalho Calero, con contos populares de tradición oral recollidos en Galicia, Brasil, Portugal e Mozambique, e co obxecto de sensibilizar o público familiar sobre a universalidade e potencial da lingua galega.	DIXITAL	3.960,00





SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	FORMATO	ORZAMENTO
CLAQUETA COQUETA SL	“Camiñantes do noso”: miniserie documental de 10 capítulos sobre a Ruta da Prata que une A Canda con Santiago de Compostela e que pretende mostrar a integración social, cultural e lingüística no Camiño a través das persoas maiores.	DIXITAL	9.559,00
BRANDÁN COMUNICACIÓN SL	“Cultura en tempos de festa”: Ciclo de charlas e exposicións sobre os 15 anos de Carvalho Calero en Lugo, para realizar en 9 cidades e vilas da provincia. En cada localidade organízase unha charla-coloquio sobre Carvalho, presentarase o libro <i>Don Ricardo de Fingoi</i> e mostrarase a exposición do mesmo título.	PRESENCIAL / MATERIAL	9.922,00
ÓSCAR FERREIRA RAMOS	“Fálame”: proxecto audiovisual de construción e leccións de manipulación dun monicreque. Preténdese que os/as espectadores/as constrúan nas súas casas un monicreque e lle ensinen a falar galego. Ademais, durante o proceso de construción, as nenas e os nenos deberán pensar un nome en galego para o seu boneco.	DIXITAL	4.000,00
INITIUM LAR SL	Entrega de 1.000 exemplares e versión dixital do <i>Calendario das Letras 2021</i> (con fotografías de paisaxes galegas e pequenos fragmentos de escritores históricos galegos); e de 175 libros de <i>Ribadeo de antano (1900-1940)</i> de Pablo Rodríguez Fernández, que recolle, a través de postais históricas de comezos do século XX, a historia de Ribadeo.	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS	9.975,00
IGNACIO HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	“Contamos coas nosas palabras”: proxecto dixital que consiste en revisar e adaptar ao galego dun xeito interactivo, transversal e actualizado dous contos populares universais: <i>Os tres porquiños</i> e <i>O parruliño feo</i> .	DIXITAL	3.950,00
ANTONIO MANUEL FRAGA ALLEGUE	Video-roteiro polo antigo Sanatorio Marítimo de Oza (A Coruña) tecido arredor da novela xuvenil <i>O bestiaro científico de Anxos Nogueirosa</i> , que percorrerá o espazo do desaparecido hospital para revivir a súa historia, desde a función inicial como batería militar, pasando polas épocas nas que foi lazareto, sanatorio antituberculoso, destino de colonias escolares, hospital e campus universitario.	DIXITAL	3.983,00
ÁNGEL CALVO ULLOA	“Camping Ohlarroa: 3 músicas de Antón Taboada “Wily” para un cámping na Vía da Prata”. Edición de 330 copias numeradas dun disco de vinilo (con cancións e entrevistas sobre un proxecto do artista de 2001), cos códigos de descarga en formato dixital e cunha publicación despregable con escritos, fotos e debuxos de Willy.	PRESENCIAL / MATERIAL	3.994,59





SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	FORMATO	ORZAMENTO
CELTIA FIGUEIRAS RAMA	O proxecto consiste na escrita, ilustración, edición e entrega de 1.000 exemplares do libro <i>A viaxe de Saira</i> , unha historia de ambientación medieval sobre o Camiño de Santiago desde Francia a Compostela na que se conta a historia de Saira, unha rapaza francesa que viaxa a Galicia.	DIXITAL	4.000,00
IRMA MARÍA LOUREIRO NEIRA	“Recunchos de Mondoñedo no Camiño Norte de Santiago”: adquisición e posterior exposición dun conxunto de dez obras pictóricas sobre recunchos de Mondoñedo relacionados coa cultura literaria. A proposta inclúe un ciclo de obradoiros infantís para achegar o mundo da pintura ás rapazas e rapaces da localidade. Nesta actividade cada rapaz terá que facer unha composición a partir dunha palabra en galego.	PRESENCIAL / MATERIAL	4.000,00
EIDOSD SOLUCIÓNS SL	“Montañas do Courel: territorio literario”: Exposición itinerante, en exteriores, para amosar a riqueza do patrimonio literario das montañas de Lugo e fomentar o turismo cultural.	PRESENCIAL / MATERIAL	9.922,00
FUNDACIÓN XOSÉ NEIRA VILAS	“Caderno de Gres”: edición e impresión de 500 unidades deste libro, con textos inéditos de Neira Vilas, de homenaxe a Díaz Pardo e testemuños doutros escritores.	PRESENCIAL / MATERIAL	2.704,00
FUNDACIÓN MANUEL MARÍA DE ESTUDOS GALEGOS	“Turismo e literatura: cartografía dixital de Manuel María”. Proxecto de desenvolvemento dunha aplicación web que mediante un mapa interactivo permita navegar polos lugares de interese na obra e na vida de Manuel María.	DIXITAL	8.396,00

A partir da publicación desta resolución na páxina web e dentro do ano natural 2020, as persoas solicitantes dos proxectos seleccionados, segundo a relación prevista no parágrafo anterior, recibirán unha notificación formal da resolución de adjudicación da persoa titular da secretaría xeral de Política Lingüística. Nela, indicaráselles as características esenciais para a adquisición das creacións culturais, lingüísticas e/ou artísticas e/ou dos bens culturais seleccionados e, igualmente, as condicións para a execución doutros servizos; e, así mesmo, de ser o caso, o prazo previsto para formalizar o contrato correspondente e a forma de facturación e de pagamento, logo da correspondente xustificación.





2 Desestimar os seguintes proxectos:

SOLICITANTE	NIF	OBXECTO / TÍTULO	ORZAMENTO	PUNTUACIÓN CALIDADE (mín. 35 puntos de 75)	CAUSAS DE DESESTIMACIÓN	FORMATO
IVÁN TORRES HERNÁNDEZ	50752785L	Fotolibro documental que traza unha historia recente e íntima de Galicia a través dos seus fornos e as súas xentes que, xeración tras xeración, coceron neles	3.848,15	34,00	Puntuación insuficiente	PRESENCIAL / MATERIAL
A MOVIDA CULTURAL SLL	B27857366	"A movida polo camiño da costa": webdoc multimedia para promocionar a cultura o patrimonio e historia dos concellos polos que pasa o Camiño Portugués da Guarda a Vigo	9.999,44	32,33	Puntuación insuficiente	DIXITAL
VERÓNICA VICENTE ÁLVAREZ	35576398K	Conxunto de fotografías pertencentes á serie "Escrito nas follas", baseadas na duplicidade de acepcións do termo "folla", amosan a nosa existencia escrita sobre as follas dunha árbore,	3.300,00	33,33	Puntuación insuficiente	PRESENCIAL / MATERIAL
PABLO VIDAL MENDOZA	35451618Q	"No Camiño": 3 concertos do trío liderado por Pablo Vidal (contrabaixo), Gabriel Peso (piano) e Noli Torres (batería), un grupo que fusiona jazz con música tradicional galega, funk etc., para crear melodías propias sen perder as orixes	1.500,00	27,33	Puntuación insuficiente	PRESENCIAL / MATERIAL
DESOÑOS SL	B36949923	"Inspiración": podcast sobre contidos feministas de actualidade en lingua galega	9.998,55	32,33	Puntuación insuficiente	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS
OLALLA LOJO RÍOS	53176125X	"Dez+dous anos de música en Galicia": exposición de 20 fotografías de gran formato que amosa a carreira da fotógrafa Olalla Lojo en diferentes espazos de Galicia	3.993,00	30,67	Puntuación insuficiente	PRESENCIAL / MATERIAL
RAQUEL OITAVÉN FERNANDEZ	33297835E	"Arquivo online do circo contemporáneo galego": proxecto que pretende visibilizar e deixar escrita e reflexada a historia actual do circo na nosa comunidade	4.000,00	34,33	Puntuación insuficiente	DIXITAL
ARABÍAS S. COOP. GALEGA	F70545199	"Muller e rural: historias de vida": xorde da necesidade de rescatar o patrimonio a través das voces das mulleres do rural	9.682,29	32,33	Puntuación insuficiente	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS
I WANNA MANAGEMENT SL	B70280334	"I wanna rock & roll": Libro sobre os 25 anos de traxectoria da promotora "I Wanna Management"	4.940,00	24,67	Puntuación insuficiente	PRESENCIAL / MATERIAL
COMUNICACIÓN INDEPENDENTE GALEGA SL	B70516877	"Compostela 0.0": elaboración dun libro de fotografías tomadas durante o estado de alarma por mor da pandemia que recollen a excepcionalidade e o impacto que esta tivo no casco histórico de Santiago	7.800,00	26,67	Puntuación insuficiente	PRESENCIAL / MATERIAL
CONTIDOS E MENSAXES SL	B15856321	"Boas noites, Compostela": percorrido gráfico pola cidade de Santiago de Compostela no que participarán con textos en galego mulleres e homes da cidade	9.950,00	32,67	Puntuación insuficiente	PRESENCIAL / MATERIAL
ALVANOVA SERVICIOS GRÁFICOS SL	B70463054	"Ano Santo 2021: a Santiago vou": Colección de cadernos con ilustración de Santiago e o Camiño baixo o lema "Ano Santo 2021. A Santiago Vou"	8.000,00	32,67	Puntuación insuficiente	PRESENCIAL / MATERIAL
FRANCISCO VILA BARROS	36057279H	"Carvalho Calero e o mundo cultural galego-luso-brasileiro": Exposición dixital e presencial sobre a figura intelectual de Ricardo Carvalho Calero, enfatizando a súa relación coa filoxía e a lingüística de lingua portuguesa e, especialmente, coa brasileira	4.000,00	29,33	Puntuación insuficiente	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS



**3 Excluir os seguintes proxectos:**

SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	ORZAMENTO	CAUSAS DE EXCLUSIÓN	FORMATO
TEATRO DO NOROESTE SL	“Animais de compañía”: Libro-DVD. Libro co texto, a unidade didáctica e a gravación deste espectáculo.	9.994,60	Ausencia total de adecuación aos prezos de mercado	PRESENCIAL / MATERIAL
ESTEVO CREUS ANDRADE	“O libro dos cans: a marea infinita”: edición dun libro electrónico e dun espectáculo ao vivo.	4.000,00	Contidos non axustados ás bases	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS
DESARROLLO Y GESTIÓN DE LA CULTURA DEL ENTORNO SL	“Camiños Rupestres: guía dos petróglifos de Galicia”: elaboración dun libro dixital que permita o coñecemento e a visita dos principais fitos da arte rupestre de Galicia.	9.765,50	Ausencia total de adecuación aos prezos de mercado	DIXITAL
ASOCIACIÓN CULTURAL ANTELA EDITORIAL	“A bruxa Selana”: Publicación dun libro infantil ilustrado sobre a bruxa Selana.	9.950,00	Contidos non axustados ás bases	PRESENCIAL / MATERIAL

A presente resolución esgota a vía administrativa e as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE do 2 de outubro de 2015), ou ben interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo previsto legalmente.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital deste documento

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

